



Centro de Investigación
dos Tesouros das Mariñas



Queridas investigadoras e
investigadores:

Acaba de chegar unha pista moi especial ao CITM. Nas Mariñas hai tesouros que non están gardados nun museo nin permanecen quietos. Teñen música, ritmo e movemento.

Desde hai moito tempo, homes e mulleres reuníronse para celebrar, tocar e bailar. Algunhas desas danzas conseguiron chegar ata os nosos días e forman parte da historia e das tradicións das Mariñas. Estamos a falar das...

Danzas gremiais

Por iso queremos confiarvos unha misión moi especial para o CITM:

Descubrir as danzas gremiais da Mariñas
e investigar as tradicións que gardan

Observade, escoitade e seguíde o ritmo. Quizais cada paso vos leve ata una nova pista.

BOA SORTE,

Mariña, Leo e Mero

